



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Secretaría Xeral

Publicación de indemnizacións por asistencias a órganos colexiados

ANUNCIO

De conformidade co art. 75.5 da lei 7/1985, polo presente anuncio dáse publicidade ao acordo adoptado polo Pleno deste concello, en sesión extraordinaria e urxente celebrada en data 1 de agosto de 2023, relativo ás indemnizacións por asistencias a órganos colexiados, acordo que se transcribe integramente na súa parte dispositiva,

“11.- PROPOSTA SOBRE INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS.

Primeiro.- Determinar o importe das retribucións que percibirán os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais que se indican:

Por asistencia a cada sesión do Concello Pleno	450 euros
Por asistencia a cada sesión da Xunta de Voceiros	200 euros
Por asistencia a cada sesión da Xunta de Goberno Local	200 euros
Por asistencia a cada sesión das Comisións Informativas Permanentes ...	250 euros
Por asistencia a cada sesión das Comisións Informativas Especiais	250 euros

Segundo.- Para a aplicación do presente acordo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- 1) Percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación, os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva e parcial.
- 2) Só se percibirá unha indemnización por día e en caso de coincidencia dalgún dos órganos colexiados no mesmo día percibirase a indemnización do órgano de maior cuantía.
- 3) A efectos do control presupostario, computaranse as asistencias a tódalas sesións celebradas do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xunta de Voceiros, sexan ordinarias ou extraordinarias, cos seguintes límites máximos:
 - 16 sesións plenarias ao ano
 - 04 sesións da Xunta de Goberno local ao mes
 - 16 sesións da Xunta de Voceiros ao ano
 - 16 Comisións informativas ao ano»

O que se publica para xeral coñecemento.

Culleredo, 16 de agosto de 2023

O Alcalde-Presidente

Asdo.: José Ramón Rioboo Castro

2023/6796